



## MOCIÓN

**TITO TRAVESO TEIJEIRO, voceiro de AGRELSAN**, no concello de Sandiás, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do ROF e réxime xurídico das entidades locais, presenta para que o pleno da Corporación debata e someta a votación a seguinte moción:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Deputacións provinciais deben aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

Este plan, deberá conter una memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos.

Deberán asegurar o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal.

Con esta finalidade, as Deputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo os seus recursos propios para la realización e o mantemento de obras e servizos municipais que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

A Deputación de Ourense, en concreto o seu Presidente, non recibe ó Alcalde de Sandiás desde o mes de xullo de 2019, polo tanto o Sr. Alcalde non pode facerlle chegar persoalmente as necesidades do seu concello, que por outra banda lle fai chegar pola vía telemática oficial, pero vese que non chegan ó seu destino posto que non atendeu ningunha das peticións de subvención que se lle fixeron, a pesares de que fai uns meses repartiú subvencións nominativas por importe de máis de 20.000.000 de euros.

Significar que se solicitaron entrevistas nas seguintes datas:

14/01/2020

28/05/2020

26/08/2020

10/02/2021

14/04/2021

Cando menos, esta actitude do Sr. Presidente da Deputación de Ourense é a todas luces discriminatoria, recibe ós demais alcaldes da provincia, outórgalle subvencións segundo as súas peticións, e o Sr. Alcalde de Sandiás, tan lexítimo como os demais, non o recibe e non escoita nin atende as necesidades do seu concello.

E a pesares de todo isto, o Sr. Presidente alardea de COOPERACIÓN e de TRANSPARENCIA na súa xestión, ningunha das dúas cousas ten cabida no que se refire ó trato discriminatorio do concello de Sandiás.

Por todo elo propoñemos ó pleno a seguinte moción:

Requirir ó presidente da Deputación de Ourense D. JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, para que á maior brevidade posible, proceda a entrevistarse co Alcalde do concello de Sandiás, dado que fai xa case dous anos que non o recibe, tendo en conta que vai alá máis de un ano de pandemia e ten a necesidade de transmitirle ás necesidades dos seus veciños, amosando claramente a súa vontade de colaboración co concello de Sandiás, COOPERACIÓN DA QUE TANTO PRESUME.

Como medidas adicionais, CONSIDERANDO O TRATO DISCRIMINATORIO QUE SE LLE ESTÁ A DAR Ó CONCELLO DE SANDIÁS, EN COMPARACIÓN CON OUTROS CONCELLOS, remitirase esta moción unha vez aprobada polo pleno, ó SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, Á SRA. VALEDORA DO POBO EN GALICIA E Ó VALEDOR DO POBO EN MADRID.

En Sandiás, a 27 de xaneiro de 2020

O VOCEIRO